


Cadencia da existencia

• A editorial Sotelo Blanco publica un dos libros máis salientables que viron a luz o ano pasado, «Zonas de tránsito» do poeta aurosán Ramón Neto

R. NICOLÁS. 13 de mayo de 2016. Actualizado a las 05:00 h.



ANA GARCÍA.

Nunca ha ser tarde para saudar un dos libros máis salientables que viron a luz o ano pasado. Galardoadado co Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, Ramón Neto confirma que a súa é unha voz poliédrica, intensa, chea de aristas e matices que entende a linguaxe poética como un diálogo continuo con voces de xinea xermánica -véxase Celan ou Rilke-, especialmente operativas aquí para reflectir sobre os tránsitos e a propia existencia, explorando os límites da conciencia e da propia poética que ofrece camiños cara a un ti ou un nós, esculcando sempre na cerna máis íntima.

Zonas de tránsito. Poesía. Ramón Neto. Sotelo Blanco. 72 páxinas. 6 euros